

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A INSTITUCIÓN DO VALEDOR DO POBO PARA A REALIZACIÓN DO IV CONGRESO INTERNACIONAL DE ATENCIÓN TEMPERÁ E EDUCACIÓN FAMILIAR.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2015

Dunha parte, o Excmo. Sr. Don Juan Manuel Viaño Rey, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza del Obradoiro, s/n, 15705 Santiago de Compostela, actuando en nome e representación da mesma, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 6/2001 de Universidades do 21 de decembro e do Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Doutra parte, o Excmo. Sr. D. José Julio Fernández Rodríguez Valedor do Pobo (e.f.) actuando en nome e representación da institución do Valedor do Pobo CIF: S-6500009-C en virtude das facultades que lle confire a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 135, do día 14 de xullo do mesmo ano,

Ambos os dos representantes, recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome das respectivas entidades o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a USC é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos distintos sectores da sociedade para asegurar os fins da formación e a investigación.

SEGUNDO.- Que segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacóns con outras Universidades, organizacóns e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

TERCEIRO.- Que o Valedor do Pobo, como alto Comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos e libertades fundamentais e das libertades públicas recoñecidas na Constitución,

estenderá a súa actividade á tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de Autonomía e , en especial nos sancionados no seu título preliminar

CUARTO.- Que tanto o Valedor do Pobo como a USC están de acordo en establecer unha colaboración para a realización do “IV Congreso Internacional de Atención Temperá e Educación Familiar”.

Tendo en conta o exposto ambas partes toman os seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é a colaboración entre a USC e o Valedor do Pobo para a realización do “IV Congreso Internacional de Atención Temperá e Educación Familiar”, que se celebrarán os días 10, 11 e 12 de setembro de 2015, convocado USC, Unidade de Atención Temperá, e o Grupo de Investigación ESCULCA.

SEGUNDO.- COLABORACIÓN DO VALEDOR DO POBO

Para a realización das actividades do presente convenio, o Valedor do Pobo financiará os gastos do Congreso correspondentes ao pagamento de poñentes, por un importe de 3.000,00 € con cargo á partida: 01.02.111B.444.00, nas condicións e cos requisitos sinalados na memoria xustificativa e na resolución do Valedor do Pobo, que se incorporan como anexos a este convenio, sendo aboados á Universidade de Santiago de Compostela na conta do banco Santander nº: 0049 2584 90 2214002210.

TERCEIRO.- COLABORACIÓN DA USC

A Universidade de Santiago de Compostela, a través da dirección do curso, obrigase a incorporar de forma visible en letreiros, carteis, publicacións e material de difusión relacionados coa actividade subvencionada o logotipo do Valedor do Pobo para a debida difusión da súa colaboración na realización do curso.

CUARTO.- SEGUIMENTO

Unha persoa designada para o efecto en representación da USC, e un representante designado polo Valedor do Pobo, se encargarán da supervisión da execución do

convenio, da súa interpretación e da resolución dos conflitos derivados da súa aplicación.

QUINTO.- VIXENCIA


O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e finalizará unha vez celebrado o devandito Congreso e efectuados os pagamentos derivados do mesmo, non puidendo ser renovado.


SEXTO.- XURISDICIÓN

O Valedor do Pobo e a USC comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

No seu caso, as partes contratantes someterán as diverxencias que puidesen presentarse en orden á interpretación ou cumprimento do presente Convenio á xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.



Polo Valedor do Pobo

José Julio Fernandez Rodríguez
Valedor do Pobo (e.f.)

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO IV CONGRESO INTERNACIONAL DE ATENCIÓN TEMPERÁ E EDUCCACIÓN FAMILIAR

En base á solicitude formulada pola Unidade de Atención Temperá da USC como promotora do devandito Congreso e do informe de existencia de crédito, redactase a presente memoria xustificativa de a concesión dunha subvención de 3.000,00 € co gallo de contribuír a financiar o “IV Congreso Internacional de Atención Temperá e Educación Familiar” convocado para os días 10, 11 e 12 de setembro de 2015.

Primeiro: Considérase que existen razóns de interese público na celebración deste Congreso pola protección que trata de conferir á familia, recoñecida como derecho constitucional da que é garante o Valedor do Pobo.

Segundo: A subvención ten carácter excepcional dada a vinculación da temática a tratar coa da institución do Valedor do Pobo como garante dos dereitos constitucionais nos que se inclúe a protección á familia e o desenvolvemento das funcións asinadas á Institución no artigo 44 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia, e en aras a garantir a independencia dos traballos desenvolvidos e a obxectividade das súas conclusións acadadas outorgándose sen concorrencia ao abeiro do artigo 19.4.c) e do artigo 26 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia

Terceiro: A subvención solicitada ao Valedor do Pobo de 3.000,00 € ten por obxecto financiar o pagamento de ponencias tal como se reflicte na solicitude, imputándose á aplicación orzamentaria correspondente (Transferencias correntes a Universidades Públicas da Comunidade Autónoma).

Cuarto: O beneficiario da subvención é Universidade de Santiago de Compostela.

Quinto: O importe da subvención finanziará unha porcentaxe do 15 % sobre os custos totais de celebración estimados en 20.000,00 €.

Sexto: O devandito Congreso conta cunha previsión de cofinanciación a través da achega do Valedor do Pobo, da Consellería de Traballo e Benestar que contribuirá coa cantidade de 8.000,00 €, e outras subvencións que poida obter ao efecto. Por tanto a subvención concedida será compatible con outras axudas que se reciban polas citadas fontes, quedando obrigada a organización do Congreso a dar conta destas circunstancias ao Valedor do Pobo, así como de outras derivadas das letras a) a d) do artigo 11 da Lei autonómica 9/2007 de subvencións de Galicia.

Sétimo: O pagamento efectuarase una vez realizado o Congreso e previa xustificación polo beneficiario da subvención do gasto realizado.

Oitavo: A xustificación da finalidade da subvención e maila súa aplicación farase mediante a presentación dun certificado detallado dos pagamentos efectuados pola USC aos ponentes, no prazo máximo de tres meses desde a data de remate do devandito Congreso, e certificación acreditativa do importe total das axudas percibidas que financian a actividade.

Noveno: O incumprimento da obriga de xustificar os gastos de organización nos que se teña incorrido dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

Décimo: A publicidade do outorgamento desta subvención artellarase a través da páxina web da institución, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios de comunicación social.

A presente memoria xustificativa elévase á Secretaría Xeral da Institución para o seu coñecemento e impulso do expediente de concesión da subvención proposta.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2015

O Asesor



José Ramón Córner Leirado

Sr. Secretario Xeral do Valedor do Pobo

RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO

Vista a solicitude formulada pola Unidade de Atención Temperá da USC para a concesión dunha subvención polo importe de 3.000,00 € ao "IV Congreso Internacional de Atención Temperá e Educación Familiar" convocado para os días 10, 11 e 12 de setembro de 2015, e avaliado o informe de existencia de crédito, a memoria xustificativa e a dilixencia de ordenación do Secretario Xeral, e tendo en conta o interese do mesmo para a Institución do Valedor do Pobo

RESOLVO:


Conceder unha subvención de tres mil euros (3.000, 00 €) euros á Universidade de Santiago de Compostela para contribuír á financiación do "IV Congreso Internacional de Atención Temperá e Educación Familiar" convocado para os días 10, 11 e 12 de setembro de 2015, nas condicións e cos requisitos sinalados na devandita memoria.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2015

O Valedor do Pobo
(en funcións)

José Julio Fernández Rodríguez

Intervido e conforme
A Viceinterventora



Carmen Ferenández Dasilva

At.: Beatriz Molto
Valedor do Pobo
Rúa do Hórreo, 65
15700 Santiago de Compostela

**Asunto: Convenio de Colaboración para a realización do IV Congreso Internacional de
Atención Temprá e Educación Familiar – Ciatef 2015**

Santiago de Compostela, 09/07/2015


En relación co convenio arriba referenciada remitimos un orixinal asinado pola USC para os seus arquivos.

Saúdos cordiais.

Atentamente,



Eva Fabeiro Buceta
Área de Gestión y Valorización de la I+D



REGISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 10/07/2015 11:34:39
ENTRADA 16265/15